

Pregón homenaxe  
á gaita e ó gaiteiro  
en Ribadulla

*por Manuel Rico Vereá*



**Obradoiro de Gaitas Seivane**

## *Pregón homenaxe á gaita e ó gaiteiro en Ribadulla*

*Que o din en Ribadulla,      que o din no mundo enteiro,  
onde hai gaita hai gaiteiro      e tamén tamborileiro  
que percorren os camiños      de Galicia e do estranxeiro.*

*Amigos: Veño da Terra de Riba, onde nace o río Iso que trae as augas a este río de Ribadulla e, nesta viaxe, en compañía do “repoludo gaiteiro de pano sedán vestido, príncipe cumprido cariñoso e falangueiro” crucei ríos e carballeiras. Escoitei as mil melodías co “xentil, aposto e arrogante” gaiteiro, que no seu repenicado concerto, ía debullando polas verdes montañas, polas sagradas carballeiras, polos mil ríos desta terra, polos torreiros e santuarios de cada aldea desta nación de Breogán. “Co esforzado cabaleiro, de nobre e enxebre cruzada”, cantei e bailei muiñeiras, alboradas, fandangos, alalás e pandeiradas nas aldeas e nos soutos, nas chairas e nos vales ao son da súa gaita que toca e fai.*

*De pau de buxo se fai roncón soprete e punteiro;  
o fol faino o gaiteiro cun bo pelexo de cabra  
ou pelexo de carneiro.*

*Somos un pobo cantor e por iso desde o berce nos cantaron melodías e mensaxes transmitidas pola gaita e o gaiteiro de boca dos nosos:*

*Tirulero miña gaita      tirulero meu gaiteiro  
agora que teño a gaita      fáltame o tamborileiro.*

*Somos un pobo contador de historias e, nos primeiros contos aprendidos na infancia, todos escoitamos aquel conto mínimo amolador e retranqueiro:*

- ¿Queres que che conte un conto?*
- Quero.*
- Pois unha vez era un gaiteiro que ía polo monte...*
- ¿Queres que cho conte?*
- Sí.*
- Pois xa cho contei.*

*Todos sabemos das súas desventuras cotiás e festivas polo seu cantar:*

*Perdiches o gorro no monte do Castro  
por culpa do gorro andaches de arrastro;  
porque da gaitiña moito hai que contar  
cando vai para cama quere nadigar.*

*É o protagonista por antonomasia da musa popular:*

*Romaría sen gaiteiro é coma barco sen remo e remo sen mariñeiro.*

*Na mellor festa galega ten que lucir un gaiteiro  
que tendo gaita e mozas non se precisa diñeiro.*

*Toca, gaiteiro toca, neniñas, correde a velo  
que é moita gaita a gaitiña do gaiteiro de Soutelo.*

*Como tocaba o gaiteiro de Soutelo, o gaiteiro de Ventosela, o gaiteiro da Carragosa, os Románs de Bra-  
tes, os Garceiras de Melide, Carril de Arzúa, Cardelle de Boimorto, Manuel Texo de Ribadulla e todos os  
grandes gaiteiros anónimos deste país de tesouros e de encantos.*

*Gaiteiros, todos, tocade e cantade connosco:*

*¡Porque así che mo pediron, cantarte hei sempre en galego!  
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo.*

*¡Porque así che mo mandaron, cantarte hei sempre en galego!  
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo  
renega da súa historia e renega de si mesmo.*

*¡Porque é a fala que eu che teño, cantarte hei sempre en galego!  
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo  
renega da súa historia e renega de si mesmo  
cambia o propio polo alleo, e o pantrigo por farelo.*

*Que o di a Constitución, que o di o pobo enteiro,  
a lingua de Galicia sempre che foi o galego,  
pró obreiro, pró labrego e mariñeiro, compañeiro.  
pró obreiro, pró labrego e mariñeiro.*

*Que o di a Constitución, que o di o Estatuto  
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo  
renega da súa historia e renega de si mesmo,  
cambia o propio polo alleo e o pantrigo por farelo.*

*E o galego que non fala      ou que cala  
cando está na súa terra      ou lonxe dela  
non sabe o que ten de seu,      nin dos seus  
nin se é nado nunha terra,      nin se é merecente dela.  
Na súa lingua pensa e fala Portugal,      ¡aínda queda Portugal!  
Na súa lingua pensa e fala Inglaterra,      ¡aínda queda a miña terra!  
Na súa lingua pensa e fala o de Castela,      ¡aínda teño a miña terra!*

*Na súa lingua pensa e fala o galego que é galego,  
en Galicia, en Alemaña, en América ou Madrid,  
por que si.*

*Na súa lingua pensa e fala o galego que é galego,  
en Galicia, en Alemaña, en América ou Madrid,  
por que si,  
se non ¡vaite con aquel que é “galego coma ti!”.  
se non ¡vaite con aquel que é “galego coma ti!”.*



**Obradoiro de Gaitas Seivane**

Volteiro, 1 - B

15650 CECEBRE - CAMBRE

A Coruña - España

Tel/fax: (+34) 981 676 656

[obradoiro@seivane.es](mailto:obradoiro@seivane.es)

[www.seivane.es](http://www.seivane.es)